

RESUME DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA PARA 1º ESO

Obxectivos para 1º ESO

1. Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica.
2. Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.
3. Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa.
4. Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.
5. Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.
6. Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.
7. Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.
8. Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.
9. Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa

terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.

10. Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.

Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado:

A realización dunha **proba inicial** determinará as competencias lingüísticas de cada alumno/a, o nivel medio de coñecemento dos grupos, as dificultades máis comúns, e detectará os casos en que sexa necesario aplicar medidas de reforzo ou ampliación, así como de orientación.

A **cualificación trimestral** expresarase numericamente do 1 ao 10 como segue:

a. Probas escritas implicarán un 70% da cualificación final. En cada trimestre desenvolverase unha ou dúas probas escritas e realizarase unha media aritmética entre elas.

b. Avaliación da oralidade. A oralidade suporá un 10% da cualificación final. Levaranse a cabo diferentes procedementos como o diálogo, as intervencións orais na aula e, como mínimo, unha proba ou exposición oral nun dos trimestres coa finalidade de coñecer a competencia lingüística oral do alumnado.

c. Outras probas obxectivas escritas e traballo diario implicarán o 10% da cualificación final. Algúns dos aspectos que teñen cabida neste apartado son:

- Participa en clase, expresando ideas ou comentarios relevante, así como dúbidas sobre os temas que se abordan.

- Demostra habilidades de escoita activa, prestando atención aos demais e mostrando interese no que din.

- Durante a clase presenta un comportamento adecuado, actitude e disposición de traballo.

- Presenta en prazo as tarefas encomendadas.

d. Avaliación dos libros de lectura. Realizarase unha lectura mínima por trimestre, suporá un 10% da cualificación final e poderase avaliar cunha proba oral, cunha proba escrita ou a través dun traballo.

Para superar a materia cumprirá obter un 5. A cualificación trimestral redondearase de maneira que o decimal se asimile ao enteiro superior se o seu valor for 0,5, ou superior, e ao anterior nos restantes casos.

A **cualificación final** será a media ponderada das avaliacións trimestrais (previa ao redondeo). A cualificación final redondearase de maneira que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor for 0.5 ou superior, e ao anterior nos restantes casos.

O alumnado superará a materia cando a media entre os tres trimestres, aplicando o redondeo, for igual ou superior a 5.

Finalmente, cómpre sinalar que tal e como se establece no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia:

"Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado".

Conforme a este Decreto, pois, o alumnado deberá expresarse, oralmente e por escrito, en galego; caso empregar outra lingua, ese apartado será cualificado con cero (0).

A docente establecerá as medidas de reforzo necesarias encamiñadas a que todo o alumnado adquira os coñecementos necesarios para o desenvolvemento das competencias.

Se un alumno/a suspendese unha avaliación, seguiríase o seguinte procedemento para a súa recuperación:

- O alumno/a fará unha proba escrita de recuperación das unidades didácticas. Esta proba computará o 70 % da cualificación, que é o seu valor na avaliación.

- Se o alumno/a suspende a proba de lectura, na proba de recuperación haberá algunha pregunta referida a ela, que computará un 10%, que é a porcentaxe de cualificación correspondente ás lecturas.

- Para recuperar o apartado de oralidade, o alumnado deberá entregar unha tarefa de carácter oral que implicará o 10% da cualificación. Se non a entregase, este apartado sería cualificado con cero (0).

- Para recuperar o apartado do traballo desenvolvido, traballarase con rúbricas que reflectan o avance - se se produce- do alumno ou alumna. Ao longo do curso, o alumno/a será advertido destes aspectos que son cualificados co 10% (1 punto) e poderá traballar para acadalo (realizar e presentar debidamente as tarefas, reflectir no caderno o traballo de aula, realizar preguntas pertinentes e consultar dúbidas...).

Cómpre lembrar, de novo, que, tal e como se establece no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia:

"Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado".

Conforme a este Decreto, pois, o alumnado deberá expresarse, oralmente e por escrito, en galego; caso empregar outra lingua, ese apartado será cualificado con cero (0).